



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA

CIRCULAR 37-2013

- A todas as Delegacións (*)
- Aos clubs e adestradores

(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

CAMPIONATO GALEGO DE 1000 METROS RUTA BENXAMIN, ALEVIN E INFANTIL

CAMPIONATO GALEGO ABSOLUTO DE MILLA EN RUTA CATEGORIAS CADETE,

XUVENIL, JUNIOR, PROMESA, SENIOR E VETERAN

III MILLA URBANA CONCELLO DE PADRON 2013

Padrón, domingo 12 de Maio ás 10:30 horas.

Art.1) O domingo 12 de Maio terá lugar o **Campionato Galego de 1000 metros en ruta benxamín, alevín e infantil e o Campionato Galego absoluto de milla en ruta e das categorías cadete, xuvenil, junior, promesa e veterán**. O campionato terá lugar nun circuito homologado pola Real Federación Española de Atletismo na localidade de Padrón (canal de derivación do río Sar). Conxuntamente celebrarase a **III Milla Urbana do Concello de Padrón 2013**. O evento estará organizado pola **Concellería de Deportes de Padrón** e a **Federación Galega de Atletismo** a través da súa **Delegación en Santiago de Compostela**.

Art.2) Poderán participar nos Campionatos Galegos todos aqueles atletas das categorías **benxamín** (2004/05), **alevín** (2002/03), **infantil** (2000/01), **cadete** (1998/1999), **xuvenil** (1996/97), **junior** (1994/95), **promesa** (1991/92/93), **senior** (1990 ata <35 anos) e **veterán** según categorías oficiais federadas que se atopen en calqueira das seguintes condicións*:

1. Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2012/13) por algún Clube pertencente á Comunidade Galega.
2. Atletas con ficha pola **F.G.A.**, aínda que pertencen a Clubs doutras CCAA.
3. Atletas nacionais convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das anteriores condicións.

**Según acordo de Asemblea os atletas estranxeiros maiores de 18 anos que non estén nacionalizados en España non poderán optar aos podiums nos Campionatos Galegos.*

A maiores celebraranse fora dos Campionatos Galegos de 1000 m e milla en ruta, unha proba **prebenxamín** (atletas do 2006 e posteriores) e unha **milla popular** na cal poderán participar todos os atletas sen licenza federativa ou aqueles que a posúan e non desexen tomar parte no Campionato Galego. Nas probas benxamín, alevín, infantil, cadete e xuvenil dos Campionatos Galegos poderán participar conxuntamente atletas que non posúan licenza federativa pero non poderán optar ás medallas do Campionato Galego.

Art.3) As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da F.G.A. <https://isis.rfea.es/sirfea2/> con data límite o martes día **7 de Maio** de 2013 ás 20:00 horas. Tamén poderán enviar as inscricións de escolares (de prebenxamín a xuvenil) e da milla popular masculina e feminina ao correo electrónico deportes@concellodepadron.es (teléfono de información **627 008 584**) incluíndo os seguintes datos: nome e apelidos, data de nacemento, clube e nº de licenza ou seguro escolar, localidade de procedencia e teléfono ou correo electrónico de contacto.

Art.4) Os atletas, deberán confirmar a súa participación ata 30 minutos antes do comezo da súa proba na secretaría de competición ubicada no circuito onde poderán recoller o seu dorsal. Unha vez rematado este prazo, non se admitirá a participación do atleta.



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA

Art.5). Os tres primeiros atletas clasificados en cada unha das categorías así como na clasificación absoluta da carreira junior, promesa e senior recibirán unha medalla conmemorativa do campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao protocolo de premiacións. Caso contrario, non se fará entrega da medalla.

En todas as probas o Concello de Padrón outorgará medalla os/as tres primeiros/as clasificados/as de cada proba por categoría e sexo sexan ou non federados e coincidan ou non cos medallistas dos Campionatos Galegos.

Art.6) Os atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible no peito, en toda a súa superficie. O incumprimento de esta norma será motivo da descalificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

Art.7) O horario das probas será o seguinte:

10:30 h.	Prebenxamín mixto
10:40 h.	1 KM: benxamín-alevín masculino
10:50 h.	1 KM: benxamín-alevín feminino
11:00 h.	1 KM: infantil masculino
11:10 h.	1 KM: infantil feminino
11:20 h.	1609 metros (milla): cadete e xuvenil masculino
11:35 h.	1609 metros (milla): cadete e xuvenil feminino
11:50 h.	1609 metros (milla): Absoluta (junior, promesa e senior masculino)* ¹
12:10 h.	1609 metros (milla): Absoluta (junior, promesa e senior feminino)* ¹
12:30 h.	1609 metros (milla): veteranos masculino
12:50 h.	1609 metros (milla): veteranos feminino
13:05 h.	Milla Popular masculina (junior, promesa, senior e veteranos)
13:20 h.	Milla Popular feminina (junior, promesa, senior e veteranos)

**1 Nesta milla poderán participar os atletas veteranos que o desexen, optando á clasificación absoluta.*

Todos os participantes deberán pasar obrigatoriamente pola Cámara de Chamadas 15 minutos antes da súa proba.

A Organización resérvase a posibilidade de modificar as carreiras segundo a participación, podendo agrupar dúas carreiras ou desdobrar unha en dúas.

Art.8) A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicaránse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA (direcciontecnica@fgatletismo.com) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do persoal federativo, en función das características da proba donde se desexe inscribir o atleta, pudiendo ser esta denegada.




Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA

Art.7) Plano de situación das probas



Art. 8) Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo cas normas da I.A.A.F.

Victor Arufe Giraldez
Secretario Xeral da FGA
(Asdo. no Orixinal)

A Coruña, a 25 de abril de 2013